



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE DOUS DE COORDINADORES DE PROTECCIÓN CIVIL

1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do proceso selectivo, mediante un procedemento de concurso- oposición, para a contratación laboral de duración determinada de dous coordinadores de Protección Civil.

O contrato laboral, a xornada completa, formalizarase na modalidade que xustificadamente se estime máis axeitada para a satisfacción das necesidades públicas.

2.- Cometido funcional.

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas propias da praza e, especialmente as referidas a:

- a) A asistencia en caso de incendios, salvamentos, caídas de edificios e construcións, ruínas, derrubamentos, inundacións, accidentes de tráfico e outros sinistros semellantes, con persoal e material adscrito ó Departamento de Protección Civil.
- b) A asistencia con carácter preventivo a eventos de pública concurrencia.
- c) A realización de probas ou simulacros de prevención de riscos, catástrofes e calamidades públicas.
- d) A promoción e control da autoprotección corporativa e cidadán.
- e) A promoción e organización da formación do persoal dos servizos relacionados coa protección civil.
- f) A organización e mantemento do Centro Local de Protección Civil de Porto do Son.

Tamén deberá realizar aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo, así como a práctica de notificacións e reparto de bandos do concello e a recollida e identificación de animais abandonados.

3.- Requisitos dos aspirantes.

1.- Os aspirantes, para ser admitidos ao proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou de Estados aos que lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos en tratados subscritos pola UE e ratificados por España, cando o interesado se atope incluído no seu ámbito de aplicación. Tamén poderán participar no proceso selectivo as seguintes persoas:
 - Os cónxuxes de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito.
 - Os descendentes de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que sexan menores de vinte e un ano ou maiores desa idade dependentes.
 - Os descendentes do cónxuxe non separado de dereito de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que sexan menores de vinte e un ano ou maiores desa idade dependentes.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en habilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios para o que fose separado ou inhabilitado.
- f) Esta en posesión do Curso Básico de protección civil.
- g) Dispor do permiso de condución de tipo "B".

2.- Os requisitos establecidos no apartado anterior deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

4.- Solicitudes de participación no procedemento.

1.- Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como anexo 1 (accesible na web municipal www.portodoson.gal).

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello en horario de 8:00 a 14:00 durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no xornal e no taboleiro de edictos do concello.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante fax remitido ao número 981 767 358 durante o prazo de presentación de instancias.

Nas instancias presentadas por correo deberá figurar o selo coa a data de presentación. En caso contrario, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

2.- Coa instancia os aspirantes deberán achegar copia (non se require compulsas) dos documentos que se indican:

- a) DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- b) Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa.
- c) Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa cando aínda non se dispoña del. Neste derradeiro caso, deberán achegar o xustificante de ter solicitado o título e do pagamento, no seu caso, do pagamento das taxas esixibles.
- d) Título do Curso Básico de protección civil.
- e) Permiso de conducir de clase "B".
- f) Certificado Celga 1 ou documento equivalente ou superior.

5.- Admisión de aspirantes.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Porto do Son. Para o caso de non advertirse erros nin deficiencias nas instancias achegadas polos aspirantes, esta listaxe terá a consideración de definitiva.

2.- Os aspirantes excluídos provisionalmente disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles** para emendar erros que motivaron a súa exclusión. Transcorrido ese prazo, farase pública polos medios antes indicados a listaxe definitiva de aspirantes admitidos aprobada pola Alcaldía.

A publicación da resolución no taboleiro de editos e na web municipal será determinante dos prazos a efectos de emenda de solicitudes e eventuais impugnacións ou recursos.

6.- Órgano de selección.



1.- O tribunal cualificador será designado por resolución da Alcaldía, xunto coa aprobación da listaxe definitivas de admitidos e excluídos.

Todos os membros do órgano de selección serán funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas que desempeñen postos para cuxo acceso se requira unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

2.- Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

3.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes, que se publicarán no taboleiro de edictos e na web do Concello de Porto do Son.

5.- Os acordos do órgano de selección que poñan fin ao procedemento ou aqueles que, sendo de trámite decidan directa ou indirectamente sobre a resolución do procedemento selectivo, serán recorribles en alzada perante a Alcaldía. O prazo de interposición do recurso de alzada será dun mes desde a publicación do acordo que se pretenda impugnar.

7.- Procedemento selectivo.

1.- Para a celebración das probas, os aspirantes serán convocados en chamamento único, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e aprezados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirante chamados deberán acreditar a súa entidade para tomar parte nas probas selectivas.

2.- O procedemento selectivo será o de concurso- oposición, e desenvolverase en dúas fases sucesivas, segundo se indica nos apartados seguintes.

3.- Oposición.

Os aspirantes poderán acadar ata un máximo de 18 puntos nesta fase do proceso, que se desenvolverá como se detalla a continuación.

- a) Primeiro exercicio: terá carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de unha (1) hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa achegado ás bases, (anexo II).

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas minorarán a puntuación 0,2 puntos.

Na proba incluíranse 5 preguntas de reserva que deberán ser contestadas polos aspirantes e que se avaliarán en substitución daquelas que de xeito motivado fosen anuladas polo tribunal. De esgotarse as preguntas de reserva, outorgarase a cada resposta correcta a puntuación correspondente ao cociente resultado de dividir a puntuación máxima total do exercicio entre o número de preguntas válidas; neste caso as respostas erradas minorarán a puntuación na metade de puntos das correctas.

Xunto coa corrección do exercicio, o tribunal publicará a listaxe de respostas correctas.

- b) Segundo exercicio: terá carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá na realización dunha proba práctica relacionado coas tarefas propias do cometido funcional do posto. Este exercicio ten carácter



obligatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 6 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 3 puntos para superalo. Nesta proba valoraranse as seguintes capacidades:

- Manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo.
 - Aptitudes profesionais.
 - Utilización das medidas de protección.
 - Coidado da maquinaria.
 - Tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.
 - Coñecemento xeral do concello (parroquias, lugares, pistas rurais, estradas que percorren o termo municipal).
- c) Terceiro exercicio: consistira na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro do galego ao castelán nun tempo máximo de trinta (30) minutos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio pero non eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 2 puntos.

De conformidade co establecido no art. 51.2 do da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame os aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 1 ou documento equivalente, aos que se lle outorgarán 2 puntos.

Nesta fase do proceso selectivo unicamente se publicarán as cualificacións dos aspirantes que superasen cada proba.

4.- Concurso.

Na fase de concurso, á que concorrerán os aspirantes que superasen as fase de oposición, poderán acadar ata un máximo de 2,00 puntos, e nela serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

- a) Formación: ata 2,00 puntos pola asistencia a cursos de formación, de acordo co seguinte baremo:
- De 4 a 20 horas: 0,20 puntos.
 - De 21 a 50 horas: 0,50 puntos.
 - De 51 a 150 horas: 1,00 punto.
 - De 151 a 500 horas: 2,00 punto.

Non se avaliarán os cursos cuxas ensinanzas non garden relación co cometido funcional do posto a desempeñar ou sexan de natureza xenérica e necesaria para o desempeño do posto.

Só se valorarán aqueles títulos ou accións formativas impartidas por centros da Administración Pública, entidades dependentes ou, tratándose de centros de natureza privada, cando contén coa debida homologación e así conste.

Se a acción formativa comprende materias avaliáveis e non avaliáveis, unicamente se valorarán estas en función da duración das ensinanzas e, de non resultar posible determinar a súa duración, o curso non se valorará.

Cando se acheguen títulos correspondentes a varios niveis educativos unicamente se valorará o de grao superior.

8.- Publicación de acordos.

Agás a convocatoria do procedemento, que se publicará nun xornal, os sucesivos trámites do procedemento e os acordos do órgano de selección publicaranse unicamente na web e no taboleiro de editos do Concello de Porto do Son.



9.- Resolución do procedemento.

1.- Rematado o proceso selectivo, o tribunal disporá a publicación da puntuación final, dada pola suma da acadada nas dúas fases do procedemento, e da orde de clasificación dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, así como da proposta de contratación, que elevará á Alcaldía.

Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, atenderase, por orde de prioridade, aos seguintes criterios:

- 1º. A maior puntuación no exercicio da fase de oposición.
- 2º. A maior puntuación outorgada en función do criterio "experiencia profesional".
- 3º. A maior puntuación acadada no criterio "formación".

De persistir o empate, con carácter supletorio, atenderase á orde a orde alfabética dos apelidos en relación á letra escollida no ano 2017 para a orde de actuación de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia.

2.- O tribunal de selección non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

3.- O acordo do tribunal establecendo a orde de clasificación de aspirantes e a proposta de nomeamento poderá recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións aos acordos de avaliación dos exercicios na fase de oposición ou concurso no prazo de 5 días naturais.

10.- Documentación a presentar para a contratación.

1.- O aspirante proposto para a contratación deberá presentar no rexistro xeral do Concello, no prazo de tres (3) días naturais desde a publicación da listaxe de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Orixinais ou copia compulsada dos documentos indicados no apdo. 2 da base 4ª.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.
- d) Certificado médico oficial, cunha antigüidade máxima de 30 días, acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- e) Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

2.- Os aspirantes propostos para a contratación que tivesen a condición de persoal ao servizo das Administracións públicas estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento; neste caso, presentarán certificación da Administración Pública da que dependen acreditativa deses extremos.

O aspirante que no prazo indicado no apartado anterior non presente a documentación esixida, agás causa de forza maior, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade.

11.- Contratación.

Unha vez achegada a documentación a que se refire o apartado anterior, a Alcaldía aprobará a contratación, requirindo ao aspirante selección para a formalización do contrato nun prazo máximo de **tres (3)** días hábiles. Ata a formalización do contrato e a incorporación ao posto de traballo o traballador non terá dereito a ningunha prestación económica.

Para o caso de non subscribirse o contrato no prazo sinalado sen xusta causa, considerarase que o traballador renuncia á contratación.



O contrato estará sometido a un período de proba de quince (15) días.

12.- Bolsa de emprego.

Aos efectos de garantir a provisión das prazas convocadas, cando se produzan renuncias antes do nomeamento ou da formalización do contrato laboral, o tribunal confeccionará unha relación complementaria cos restantes aspirantes que superaron o proceso selectivo coa que se constituirá unha bolsa de traballo que poderá empregarse para a cobertura de prazas de coordinador de protección civil en supostos de incapacidade laboral, vacacións, permisos ou outros supostos de ausencia do posto de traballo.

A bolsa de traballo manterá a súa vixencia por un período máximo de doce (12) meses, prorrogable por un período de 12 meses.

13.- Normativa aplicable.

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido na lexislación básica sobre emprego público, polo RD 896/1991, do 7 de xuño, pola normativa autonómica de desenvolvemento da anterior e, supletoriamente, polo previsto no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA.

D/D^a _____ de _____ anos, con domicilio en _____ n^o _____, piso _____ C.P. _____, teléfono _____, D.N.I. _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de **dúas (2) prazas de coordinador de protección civil.**

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, comprometéndome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, achegando para estes efectos a seguinte documentación (márquese o que proceda):

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa cando aínda non se dispoña del (xustificante de ter solicitado o título e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles).
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos.
- Título do curso básico de protección civil.
- Carné de conducir B.
- Certificado Celga 1 ou documento equivalente.

En Porto do Son, ____ de _____ de 2018.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON"



ANEXO II. TEMARIO.

- 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución.
- 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois, súa garantía e suspensión. A organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Goberno e a Administración.
- 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma Galega. A Xunta de Galicia e o seu Presidente. Control parlamentario da acción de Goberno.
- 4.- O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- 5.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ó empadramento. A organización municipal. Competencias dos concellos. Réxime xeral das eleccións locais.
- 6.- Lei de Prevención de Riscos Laborais: obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Equipos de protección individual: R.D. 773/1997. Equipo de protección individual: definición, obrigacións xerais do empresario, criterios para o emprego dos equipos de protección individual, elección, utilización e mantemento dos equipos de protección individual. R.D. 1407/1992. Equipo de protección individual: categorías, certificación, marcado CE, o folleto informativo.
- 7.- Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Porto do Son.
- 8.- Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil. Real Decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- 9.- Real Decreto 1378/1985, de 1 de agosto, sobre medidas provisionais para a actuación en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.
- 10.- Incendios forestais: clasificación, partes dun incendio, formas do perímetro, fases de combustión da madeira, transferencia de calor. Técnicas de extinción, ataque directo, extinción con auga, con medios aéreos, con ferramentas manuais, con maquinaria pesada. Ataque indirecto, liñas de defensa, queima de ensanche, fogos de francos, contrafogos e cortafuegos químicos. Retardantes. Época de incendio de risco baixo, medio e alto; prohibicións, limitacións e autorizacións para o uso do fogo.
- 11.- Concello de Porto do Son: parroquias, lugares, pistas rurais, estradas que percorren o termo municipal.

Porto do Son, 7 de marzo de 2018.

O Concelleiro Delegado de Xuventude, Seguridade,
Protección Civil e Promoción Económica,

Asdo.  Antonio Romero Ribeiro.

DILIXENCIA: estas bases de selección de persoal foron aprobados pola Alcaldía do Concello de Porto do Son mediante o decreto 200 /2018, do 15/03 /2018.

O secretario,

Asdo.  José Manuel González García





MODELO DE INSTANCIA.

D/D^a _____ de _____ anos, con
domicilio en _____ nº _____, piso
_____ C.P. _____, teléfono _____, D.N.I. _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de **dúas (2) prazas de coordinador de protección civil.**

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, comprometéndome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, achegando para estes efectos a seguinte documentación (márquese o que proceda):

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa cando aínda non se dispoña del (xustificante de ter solicitado o título e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles).
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos.
- Título do curso básico de protección civil.
- Carné de conducir B.
- Certificado Celga 1 ou documento equivalente.

En Porto do Son, _____ de _____ de 2018.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON"

